



CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS DE CREACIÓN ARTÍSTICA E ESTADÍAS TÉCNICAS PARA PROXECTOS DE ARTES ESCÉNICAS CURSO 2019-2020 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBXECTO

O Concello de Santiago de Compostela abre a terceira convocatoria de residencias de creación ou estadías técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán (situada no Centro Sociocultural de Santa Marta). As residencias serán de creación e investigación artística contando con apoio loxístico e técnico pero en ningún caso conlevarán dotación económica ningunha. As autorizacións concédense gratuitamente ao abeiro do artigo 92.5 da LPAP.

DESTINATARIOS

A convocatoria está destinada a compañías e creadores/as de artes escénicas profesionais con sede en Galicia.

PERÍODO DE RESIDENCIA

As residencias desenvolveranse entre o 7 de outubro de 2019 e o 31 de xullo 2020. A súa duración máxima será de 3 semanas (de luns a venres).

O horario de disponibilidad é o seguinte:

Luns de 10.00 a 21.00 h

Martes de 12.00 a 19.50 h

Mércores de 12.00 a 19.20 h

Xoves de 12.00 a 18.20 h

Venres de 12.00 a 20.00 h

ESPAZO DE RESIDENCIA

As residencias terán lugar na Sala Agustín Magán, situada no Centro Sociocultural de Santa Marta, Rúa Antonio Rama Seoane nº 6 de Santiago de Compostela.

A descrición técnica da sala, imaxes, cameríns, dimensións e rider técnico que aporta o Concello indícanse de maneira detallada no Anexo I.



SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As compañías e creadores/as que desexen participar deberán presentar a súa solicitude no rexistro do Concello de Santiago de Compostela seguindo o modelo do anexo II (con copia ao correo electrónico proxectoscultura@santiagodecompostela.gal).

A documentación a presentar é a seguinte:

- Solicitude (anexo II)
- Breve dossier que conteña a descrición do proxecto, eixes do traballo, traxectoria da compañía ou creador/a, profesionais participantes, entidades colaboradoras e axentes dos que recibe apoio, se for o caso.

Só se poderá presentar unha única solicitude por compañía para o período de setembro de 2019 a xullo de 2020. No caso de concorrencia de datas solicitadas terán prioridade os/as artistas e compañías que non tiveran participado na convocatoria de 2018-2019.

PRAZO DE SOLICITUDE E RESOLUCIÓN

As solicitudes poderán enviarse a partir da data de aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

O prazo de solicitude de residencias e estadías permanecerá aberto até xullo de 2020 e iranse adxudicando as residencias / estadías solicitadas, por orde de presentación.

O número máximo de residencias / estadías a outorgar é de 25.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E AVALIACIÓN

No caso de haber concorrencia na petición de datas, as solicitudes recibidas serán avaliadas polo departamento de Acción Cultural tendo en conta os seguintes criterios, cunha valoración máxima de 10 puntos para cada un deles, ata un máximo total de 60 puntos:

- Traxectoria da compañía ou creador/a e das persoas participantes no proxecto



- Plan de estrea e circulación
- Adecuación ás características do espazo
- Proposta de mediación
- Interese artístico do proxecto
- Inclusión da perspectiva de xénero: paridade de xénero no equipo titular da solicitude.

MEDIACIÓN

O Concello de Santiago de Compostela está a desenvolver unha política activa de fomento de novos públicos para as artes escénicas que implica a execución de actividades didácticas e de mediación. Nesta liña solicítase das compañías participantes na convocatoria de residencias a programación dunha actividade de mediación coa comunidade local (obradoiro, charla ou calquera outra proposta que poña en relación o proxecto coa veciñanza) e/ou a presentación da obra nun pase con público. Para realizar esta actividade a compañía deberá porse en contacto co Centro Sociocultural de Santa Marta e fixar de común acordo a tipoloxía, data e hora da mediación.

OBRIGAS

Ao remate da residencia e da actividade de mediación a compañía deberá presentar unha memoria do traballo desenvolvido e a súa valoración.

O Concello de Santiago de Compostela deberá figurar como entidade colaboradora no material de difusión da obra.


O Concello de Santiago de Compostela realizará comunicación e difusión das residencias mediante notas de prensa, destaques na súa páxina web e publicacións nas súas redes sociais.

ANEXO I: Descrición Técnica da Sala Agustín Magán

SITUACIÓN



PLANO DA SALA AGUSTÍN MAGÁN-(CSC de Santa Marta)




A sala Agustín Magán conta con escenario de 10 m de boca, 5 m de fondo e 12 m de alto. Ten unha grada de público con capacidade para 151 persoas. Dispón de entrada lateral de carga e descarga con VADO (11.00 a 13.00 h)

Para iluminación conta con dúas varas de truss frontais e NON CONTA CON CAIXA NEGRA (patas, bambalina, bambalinón e/ou telóns) ou outros elementos como biombos ou cortinas.




Vista das varas



Vista do espazo escénico desde a grada

ZONA DE BACKSTAGE

A zona de backstage conta con dous cameríns con 12 cadeiras cada un e dous baños con ducha. Ten saída independente ao corredor principal do CSC de Santa Marta.



RIDER TÉCNICO

SON

- 2 altavoces P.A.
- 1 subwoofer
- Altavoces Activos 12"
- 1 mesa de mezclas para son (24 canais)
- 1 ecualizador LA Audio
- 1 reproductor dobre MP3 y CD
- 1 rack mural
- 1 micrófono dinámico Shure Sm-58
- 1 micrófono dinámico Shure Sm-57
- 4 caixas inxección activas behringer
- 8 pés de micro alto con xirafa
- 4 pés de micro baixo con xirafa
- 2 cables micro 5m
- 2 mangueriras multiples XLR



ILUMINACIÓN

2 trípode elevador

2 adaptadores en T para trípode elevador

1 mesa control iluminación (16 canais)

10 focos PAR64 (12 portafiltros)

5 foco Teatro tipo PC

6 viseira para foco tipo PC

6 proxector recorte multiprofile

2 barra electrificada de 6 bases

Cadro eléctrico a pé de escenario con toma trifásica de 32 e 63 A

AUDIOVISUAIS

Pantalla fixa despregable de 6 por 6 metros

Proxector formato dixital Christie. Conexión VGA e HDMI

Reproductor DVD e Blu Ray



ANEXO II. SOLICITUDE DA CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICA E ESTADÍAS TÉCNICAS PARA PROXECTOS DE ARTES ESCÉNICAS 2019-2020

1.- SOLICITANTE

Nome da compañía	
CIF/NIF	
Persoa de contacto	
Enderezo	
Tf de contacto	
e-mail	
Páxina web	

1.2 - DATAS QUE SE SOLICITAN

--

2.- PROXECTO

2.1 - Título

--

2. 2 - Breve presentación (máximo 200 palabras)

--



2.3. Ficha artística

2.4. Ficha técnica

3. PROPOSTA DE MEDIACIÓN

4. TRAXECTORIA DA COMPAÑÍA